

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Traballo a distancia →

Desde CIG insistimos, unha vez máis, na necesidade de negociar uns novos acordos de traballo a distancia que igualem as condicións de todos os integrantes do cadro de persoal. Por suposto a administración non comparte a nosa petición e non ten intención de revisar os acordos e por tanto non ten intención de igualar as condicións nin melloralas.

Preguntamos polo estado en que se atopa o borrador de teletraballo que segue durmindo no caixón de Función Pública. Non teñen noticias sobre o tema polo que entendemos que segue escondido nalgún caixón

Desde CIG solicitamos que a inspección proporcione os datos desagregados por servizos centrais e inspeccións provinciais.

Tamén se solicita establecer un prazo para contestar as solicitudes de traballo a distancia e de non cumprirse o prazo que se entendan concedidas.

Solicitudes traballo a distancia	Número	%
Autorizadas	816	100%
Denegadas	0	0%

Modalidade de Prestación do Servizo	Número	%
Presenza física 2 días	214	16,93%
Presenza física 3 días	602	47,63%
Presenza física 5 días	448	35,44%
Total	1.264	100%

Oferta de emprego e provisión de postos →

Desde CIG queremos coñecer as xestións que o departamento realizou para incluír a clave de Lingua de Comunidade Autónoma (LCA) nas RPT's da inspección en Galicia. Evidentemente a resposta é que non realizou ningunha xestión e non as vai a realizar.

Queremos coñecer as intencións da inspección para incluír o coñecemento do galego como mérito nos concursos que convoque. Aquí temos o compromiso da administración de que a lingua propia será incluída como mérito nos concursos que se convoquen.

Preguntamos polo estado da negociación das áreas funcionais, si se está pensando implementalas na inspección e a súa posible relación cos itinerarios formativos. Non teñen coñecemento de ningún movemento en canto ás áreas funcionais.

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Desde CIG solicitamos que se soliciten nas ofertas de emprego as prazas suficientes que garantan a suficiencia dos cadros de persoal para evitar, entre outras cousas, que se deslocalicen prazas. Non se poden mover prazas espindo servizos para vestir outros.

Solicitamos que se melloren as peticións de prazas de persoal técnico e administrativo. Parece evidente que cada vez máis existe unha desproporción entre o persoal de inspección activa e o técnico administrativo, que se incorpora ao organismo, o que está a provocar un desequilibrio, cada maior, nas cocientes.

→ Datos sobre efectivos do organismo a 1/1/2025:

	Persoal F.	Persoal L.
A Coruña	91	3
Lugo	29	2
Ourense	32	1
Pontevedra	82	3

→ Datos sobre efectivos do organismo a 1/1/2026:

	Persoal F.	Persoal L.
A Coruña	84	2
Lugo	30	2
Ourense	35	1
Pontevedra	84	3

Prevenção de Riscos Laborais →

Manifestamos a nosa queixa posto que, a pesar de solicitar a negociación dun protocolo de actuación fronte a fenómenos meteorolóxicos adversos, o organismo só realizou a consulta aos Comités de seguridade e saúde, que non son órganos de negociación, e non trouxo a esta mesa a negociación solicitada.

Desde CIG entendemos que esta forma de actuar pode incumprir o disposto no artigo 85 do Estatuto dos traballadores e no TREBEP no relativo a que centrais sindicais teñen capacidade suficiente para negociar. A administración entende que coa consulta aos CSS cumpre e que este protocolo non debe de negocialo neste ámbito.

Desde CIG afeámoslle esta contestación e insistimos en que esta é materia de negociación, recollido así no Estatuto dos traballadores, e que nos CSS hai sindicatos que de acordo co recolleito no TREBEP non teñen a capacidade suficiente para negociar, co que a administración estaría a incumprir o Estatuto dos traballadores e o TREBEP.

Desde CIG solicitamos que, tendo en conta as peculiaridades do servizo que se presta en inspección activa, créese un grupo de traballo para ver o protocolo de violencia externa. A

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

administración non comparte a solicitude e indica que esta é materia xa negociada e que non hai que volver negociar.

Reiteramos a petición de anonimizar a firma do persoal actuante en todo o relacionado coas súas actuacións, o mesmo que ocorre con outro persoal que ten a condición de inspección ou subinspección. O organismo informa que están a realizar xestións neste tema e que é unha prioridade absoluta.

Volvemos solicitar medios técnicos, teléfonos ou cartóns de datos, para todo o persoal que pon os seus ao dispor do organismo. O organismo informa que tamén está a realizar xestións neste tema.

Formación →

A administración informa que dada a discrepancia xurdida na comisión de formación co tema dos itinerarios incorpora á mesa a decisión de se apoiamos ou non o borrador de itinerarios.

Desde CIG manifestamos que ao non estar recollido este tema nos puntos da orde do día non imos posicionarnos hoxe, e que a administración non envíe por correo a petición de posición e contestarémolles.

A maioría do resto de representación sindical vota a favor polo que se aproban os itinerarios, solicitamos que se nos remita o borrador co texto definitivo para comprobar que non inclúan ningunha variación con respecto ao último borrador visto en comisión.

Preguntamos se estes itinerarios vanse ter en conta e aplicaranse tamén ao persoal de inspección activa, e a resposta é negativa.

Comisións de servizo →

Queremos coñecer a política que segue o organismo á hora de tratar este tema tanto nas IIPP como en SSCC, ¿publícanse, dáselles publicidade, como se conceden, as prazas sácanse a concurso?, etc etc.

Aquí sorpréndenos a resposta do organismo posto que di que non lles está dando publicidade, que se dan en función das necesidades da inspección e que os postos en comisión convócanse no primeiro concurso que se publica.

Lembrámoslles que existe a obriga de darlles publicidade, e noutros organismos deste ámbito faise sen ningún tipo de problema.

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Tamén lembramos que as comisións deben de ser un instrumento extraordinario, en caso de necesaria e urxente cobertura, e que temos un sistema de cobertura de postos que debe ser de uso prioritario evitando a discrecionalidade das comisións de servizo.

Recalcamos que non se deben utilizar comisións de servizo, dadas a dedo, para acabar consolidando os postos de traballo que melloran as retribucións e a carreira administrativa dun persoal en detrimento de outro.

Produtividade →

Reiteramos a solicitude de coñecer as contas e os números, solicitámolo na anterior mesa delegada pero a día de hoxe seguimos sen noticias do tema. Volven tomar nota pero desde CIG temos claro que a resposta será a mesma, a do silencio.

Preguntamos polo aparente cambio no procedemento para conceder a prolongación de xornada (tardes), algunha solicitude leva parada desde decembro e solicitan documentación que non se esixía antes e que non se contemplara no seu momento.

Infórmanos que isto é debido a que están a facer un estudo de traballo en todas as inspeccións. Comentamos que isto supón un cambio importante nas condicións pactadas para que o persoal acceda a esta posibilidade, e que nos deberían ter advertido.

En todo caso se esta petición é para un estudo interno solicitamos que sexa a propia secretaría xeral a que redacte un informe común para evitar que debido á diferente redacción deste informe por algunha secretaria provincial supoña a denegación da solicitude da prolongación de xornada.

Insistimos na necesidade de que a inspección realice todas as xestións necesarias para que o orzamento da produtividade se vexa incrementado, mais alá de conseguir un aumento extraordinario para cubrir os importes máximos que quedaban pendentes do ano 25.

Sobre todo no apartado do PIA, somos conscientes de que cuanto máis persoal incorpórese ao organismo máis se reducirán as retribucións que o persoal percibe e esta sería unha consecuencia pouco desexable tendo en conta de onde provén esta produtividade.

Tamén preguntamos se o organismo se atopa ao día no pago das gardas, e responden afirmativamente.

RPT →

Acábase de resolver un concurso de Xefaturas de equipo, para cubrir as novas prazas creadas por facenda na súa RPT, onde non se tivo en conta ningún mérito que non fose o puro e duro escalafón a pesar de que, en teoría, realizarán funcións diferentes.

MESA DELEGADA

ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABAJO E SEGURIDADE SOCIAL

Desde CIG reclamamos que estes postos e calquera que se creen froito desa RPT convóquense en concurso de traslados. Non queremos comisións de servizo, tal e como se adoitan dar, que deriven en que os postos sexan cubertos sen que todo o persoal teña unha opción real a través dun concurso de traslados, que é o sistema regrado.

Espazo sindical →

Desde CIG mostramos o noso malestar e desconformidade coa clasificación que este apartado mostra dos diferentes sindicatos. Non nos parece de recibo que un organismo como a inspección de traballo introduza esta clasificación.

Estruturar este espazo con dous apartados onde o primeiro é "*sindicatos de inspectores e subinspectores*" e o segundo "*outros sindicatos*" parécenos a menos adecuada das estruturas.

Xa desde o uso da linguaxe que significa isto, que as inspectoras e subinspectoras non teñen sindicación?

E doutra banda "outros sindicatos" que é iso?, descoñece a inspección que os aquí presentes somos sindicatos máis representativos e que nos gañamos esa representatividade nunhas eleccións nas que por certo outros sindicatos non participan ou non obteñen suficiente respaldo.

Desde logo CIG non é outro sindicato e como sindicato máis representativo esiximos outra estrutura para este espazo.

Galiza, 22 de abril de 2026